

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE MULLERES DO RURAL DA PROVINCIA DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

O Decreto 139/2024, do 20 de maio, establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e sinala no seu artigo 29 as competencias que lle corresponden á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero entre as que figuran as de impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé (artigos 4 e 6), na especial dificultade das mulleres do ámbito rural para acceder aos recursos e aos servizos, establecendo a dita Lei, mandatos específicos para salvar a dobre discriminación das mulleres rurais, especialmente das que sofren situacións de violencia de xénero.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria asinaron un acordo de renovación onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

As medidas do Pacto de Estado céntranse, entre outras, no fomento das accións de sensibilización da sociedade e da prevención de violencia de xénero, desenvolvendo



accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade; en concreto, a medida 31 recolle que pola súa especial incidencia desenvolveranse campañas dirixidas especificamente a mulleres que viven no ámbito rural, garantíndolles maior accesibilidade aos recursos e á información.

Así mesmo, o eixo 3 do Pacto de Estado recolle no seu punto 5 un apartado específico adicado ao Rural, e nel establécense medidas que abranguen desde o incremento da atención ás vítimas nas zonas rurais, cun maior número de centros de acollida e información, ao impulso ás asociacións de mulleres no ámbito rural así como a realización dun estudo da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural.

A Federación de Mulleres da provincia de Lugo _AFAMMER LUGO, é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e coa finalidade de prestar servizos ás mulleres do rural de Lugo segundo as necesidades actuais da sociedade, tanto no ámbito da igualdade como no ámbito profesional e do emprego. Está inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E7613.

Ten entre os seus fins a defensa dos intereses e dereitos das mulleres do rural de Lugo, a defensa dos dereitos das mulleres do rural e dos/as menores en calquera situación de desamparo, en todos os ámbitos -social, cultural, laboral, familiar económico e político- con especial atención á defensa dos dereitos e liberdades das mulleres rurais con menores a cargo, e das mulleres rurais vítimas da trata e explotación sexual, a denuncia expresa de toda discriminación cara á muller e os/as menores e a defensa e apoio ás mulleres rurais vítimas de violencia de xénero e aos fillos e fillas así como a impulsar a formación das mulleres do rural.

O 17 de novembro de 2022 constitúese a Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo_ AFAMMER que integra as seguintes asociacións:

Asociación de familias y mujeres del medio rural de lugo - Afammer Lugo (provincia de Lugo)

- O Xaramago Asociación de Mulleres Rurais de Portomarin (concello de Portomarín)
- Asociación de Mulleres Rurais de Begonte -MOIRA (concello de Begonte)
- Asociación de Mulleres Rurais Amuga A Fanega (concello de A Pastoriza)
- Asociación Mulleres Rurais Amencer (concello de Cospeito)



A Consellería de Política Social e Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo AFAMMER, para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario centrarase en ir desenvolvendo accións de formación e sensibilización para as mulleres e amocidade asentada ao longo do extenso territorio de Lugo, tales como accións formativas, en sentido amplo, que procuren acadar a mellora das capacidades das mulleres do rural lucense, concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero a través das cales preténdese acadar unhas maiores habilidades sociais, autoestima e empoderamento para as mulleres e tendo presente e considerando en todo momento os matices que a violencia de xénero adquire no rural.

Pola súa dimensión e capacidade de chegar a un importante número de mulleres da provincia de Lugo a Federación de Mulleres do Rural da provincia de Lugo (AFAMMER LUGO), reúne as condicións para o desenvolvemento de actuacións de formación e sensibilización sobre a violencia de xénero, programa que non pode asumir outra asociación destas características en Galicia por ser AFAMMER a única asociación existente na provincia de Lugo que reúne as condicións.

Así mesmo e tendo en conta que Galicia é unha comunidade autónoma rural, a Consellería de Política Social e Igualdade pretende asinar convenios de colaboración coas federacións e asociacións de mulleres das provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, sendo todas elas entidades que traballan no eido da violencia de xénero que tanto pola súa capacidade como pola súa representatividade son as únicas en Galicia que poden levar a cabo accións de prevención, formación, información e sensibilización en materia de violencia de xénero no ámbito rural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

